EXERCICIO DE APOIO

1. **A obra gráfica de Castelao (Álbum NÓS, *Cousas da vida*, estampas periodísticas…) reflicte moitos dos problemas que atenazaban a Galicia de comezos do século XX. Partindo disto cal cres que son os temas que reflicten as seguintes imaxes:**

A)

B)



C)

—Eu quixera falar galego nos mitins, pero non sei.
—O que non sabes ti é o castelán.
(Castelao: *Cousas da vida, IV*)

2. **Que transformacións socio-políticas aconteceron na década dos 60?**
3. **Por que se caracteriza a década dos 90 e o comezos do século XXI?**

SOLUCIÓN:

1. **A) A emigración. B) Os paseados. A Guerra Civil. C) A lingua.**

2. **As transformacións socio-políticas da década dos 60 son:**
   - O mundo rural comeza a perder efectividade contra a cidade que medra. Nela aparecerán novas clases sociais: a burguesía e o proletariado.
   - Mecanización do campo e desenvolvemento da industria.
   - Xorde o nacionalismo político.
   - Emigración cara ás cidades e Europa que aportan divisas e un mellor nivel de vida.

3. **A década dos 90 e comezos do século XXI caracterízase por:** unha época de luces e sombras, tanto a nivel socioeconómico, político e como non, cultural. Na actualidade Galicia debátese entre pervivencias da súa longa decadencia como o caciquismo e o envellecemento da poboación, unha gandeiría encorsetada, unha explotación intensiva dos seus recursos enerxéticos por parte de grupos empresariais foráneos (grandes encoros, parques eólicos...) e o fluxo renovado da industria textil, o efecto arrastre da automoción e do turismo, ademais do renacer das cidades, en detrimento dos pobos e aldeas. Nun futuro non moi afastado viviremos talvez só en 11 concellos, segundo a opinión dos xornais.

EXERCICIO DE APOIO

1. **Cal foi a achega dos autores da Época Nós á narrativa?**
2. **Que órganos de difusión crearon?**
3. **Que obras narrativas publicou Vicente Risco?**
4. **Cal foi a contribución de Otero Pedrayo á nosa narrativa?**
5. **Observa estas viñetas de Castelao e contesta:**



O agrario— ¿Como queres que che respete si cheiras a podre?

- **Que realidade social está reflectida nas imaxes?**
- **Axústanse estes temas aos tratados polo autor na súa obra? Que outros temas aborda nela.**

6. **Le este texto e responde.**

> *Un tal Serxio de Muimenta, que deica entón falara ben e seguido, sen prender en consoante ningunha, púxose a tatemar. Prendía especialmente nos emes e nos tes. A cousa foi que, pasando polo camiño de Camba, viu, sentado nunha pena, a un tipo pequeno, envolveito nunha capa amarela. Era o anano do tesouro.*
> *—Bo…bo…boas ta…ta…tardes!, dixo o anano.*
> *E Serxio ao responderlle non tivo máis remedio que tatexar coma el:*
> *—Bo…bo…boas ta…ta…tardes!*
> *E así foi a pasar a parlante texto. A muller de Serxio, que prendía algo nos pes, coidaba que o home tatexaba por amolala.*
>
> **Álvaro Cunqueiro,** *Os outros feirantes*, (texto adaptado)

- **Xustifica en que momento do relato se mestura o marabilloso co real.**

7. Le o texto e explica cales son as características que debe reunír un conto, segundo expón Rafael Dieste no «Limiar» de *Os arquivos do trasno*.

A unidade emotiva consíguese no conto pola obsesión do que ten que sobrevivir.
O remate debe ter a virtude de facer simultáneas no espirtítu as imaxes que foron sucesivas.
A presencia do remate debe estar atafagada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.
O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas palabras derradeiras, despois de inzalo poderosamente.
O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida.
O conto é un remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas todas mergulladas na mesma luz.

8. E. Blanco Amor é un dos mellores narradores do século pasado. En que movemento encadrarías a súa prosa e que aportou á nosa literatura?

SOLUCIÓN:

1. Conseguiron renovar a nosa prosa e modernizala. Con eles supérase a narración de tipo folclórico ou costumista e créase unha prosa máis culta e cosmopolita, incorporando o didactismo e o humor irónico e retranqueiro.

2. Ademais do seu labor literario, estes intelectuais crearon os **órganos de difusión** que permitían publicar tanto a súa propia obra narrativa coma a doutros autores coétaneos. Destacan as seguintes revistas e editoriais: a **revista *Nós***, de carácter cultural e científico; colecciónes de narrativa, como ***Céltiga*** (1922), de Ferrol, e ***Lar*** (1924), da Coruña; e a propia **editorial Nós**, posta ao servizo das publicacións en galego.

3. As súas obras son:

   Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (1919)
   O lobo da xente (1925)
   A trabe de ouro e alquitrán (1925)
   A velliña vella (1924)
   A Coutada (1926)
   O porco de pé (1928)

4. Foi o autor máis prolífico e plural da Xeración Nós. Otero soubo mesturar nas súas novelas erudición, lirismo apaixonado, evocación paisaxística, síntese histórica, subxectivismo e intución analítica para retratar unha determinada realidade social. Todo isto deu lugar a páxinas inmellorables dentro da nosa literatura.

5. Na primeira imaxe reflíctese o tema da emigración. E na segunda crítica as leis e a xustiza que está podre.

   Axústase xa que Castelao nos ofrece na súa obra unha interpretación dos problemas que sufría o seu pobo: a fame, e os elevados impostos, xunto co atraso económico que facía ver como única saída a emigración. Unha emigración –fundamentalmente transoceánica nos primeiros anos do século XX- que trouxo como consecuencia a desruralización do noso campo. Castelao tamén fai unha parodia das palabras sonoras pero baleiras como a liberdade, a xustiza, a lei. Amosa, pois, en toda a súa produción prosística a vida da súa xente consumida polos impostos que os afogaba sen remedio.

   Ademias destes temas, Castelao trata outros como: a morte, as supersticións, o progreso, o capitalismo, os foros, …

SABER MÁIS

Castelao fai unha parodia das palabras sonoras e baleiras de contido como liberdade, igualdade, xustiza, lei e orde. Mostra a verdadeira vida da súa xente, consumida polos impostos, leis e xustiza, que os afogaba sen remedio. O recurso de abrir o ventre e mostrar as caveiras reitérase na produción gráfica de Castelao, pero non é unha idea propia, senón que a toma de Brueghel que, en *La Caída de los Ángeles* pintou unha ra con patas de galiña que se "desabrocha" a barriga, mostrando as ovas que ten dentro, e rise pensando nos fillos que terá. Castelao copia esta escena nun dos seus debuxos, e posteriormente, realiza outro no que convirte a ra en muller e os ovos en caveiras, titulándoo *Optimismo*. Aquí preséntanos unha estatua da lei que tamén mostra as caveiras que leva na súa barriga a un campesiño, é unha representación de toda a podremia que había entón en torno ás leis e á xustiza, e que o autor critica. Posteriormente volve a usar o mesmo recurso, na primeira estampa do álbum *Galicia Mártir* (Valencia, 1937), titulada "Este é o deus dos feixistas", e onde representa un coloso coa cabeza acabada en pico, como a dos cascos dos soldados alemás da Primeira Guerra Mundial. A figura abre a barriga, ensinando as caveiras que leva dentro, e aos seus pés aparecen pequenas figuras de homes que o saúdan co brazo erguido. O debuxo está inspirado nun cartón de Louis Raemaekers, no que representa a Satán sentado e en actitude pensativa (cada unha das estampas de *Galicia Mártir*, está baseada nos cartóns de Raemaekers, artista que realizou debuxos de crítica social e que Castelao coñeceu grazas a unha viaxe que realizou por Francia, Alemaña e Bélxica).

6. Cando o protagonista da historia Serxio de Muimenta, tatexo, se atopa co anano do tesouro. Asistimos, pois, ao encontro de entes de ficción “o anano do tesouro” que comparten vivencias con xentes do común “Serxio de Muimenta” neste caso ambos os dous son tatexos. E isto fai elevar ao personaxe real á categoría de mito.

7. Debe ter unidade emotiva (entendida como obsesión polo que ten de acontecer) e un remate poderoso. O conto debe ser algo vivo, latexante.

8. A súa prosa encádrase no realísmo social e crítico.

A súa obra narrativa merece unha especial valoración porque achegou á literatura galega novos temas e formas de narrar. Temas que se centran na problemática das clases máis desfavorecidas: a pobreza, a fame, e mesmo a delincuencia e a violencia, pero aínda foi máis alá chegando a introducir temas tabú na literatura de posguerra, coma o sexo, o aborto e a prostitución.

En canto a forma de narrar: a técnica da multiplicación de perspectivas, dotanto a cada un dos seus personaxes dunha, é un feito revolucionario no panorama literario galego. Esta técnica, xunto coa inclusión dun interlocutor ímplicito –técnica telefónica- en obras como *A esmorga*, as montaxes en secuencias fragmentadas imitando as composicións cinematográficas, son os conceptos básicos que conseguiron introducir a Blanco Amor no canon literario galego.